

ANUNCIO

Faise público que de conformidade coa Resolución da alcaldía 1370/2023 do 26 de decembro que se transcribe a continuación sométese a consulta pública por un prazo de 20 días a elaboración dunha Ordenanza de administración electrónica do Concello de Fene:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: CONSULTA WEB PREVIA Á ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE FENE. EXPTE.: 2023/G013/000002

O impacto das novas leis de procedemento e réxime xurídico na Administración, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 2 de outubro, de réxime xurídico do sector público, obriga a adaptar ás mesmas as Ordenanzas e Regulamentos locais en materia de Administración electrónica.

Son numerosos os cambios que se produciron durante as últimas décadas na regulación do procedemento administrativo coa introdución paulatina da Administración electrónica.

Desde o punto de vista do cidadán, recoñécese unha serie de “dereitos das persoas”, o máis importante dos cales é o da libre elección da canle a través do cal se relacionan coa Administración, canle que obrigatoriamente deberá ser o electrónico para o caso de persoas xurídicas e determinadas persoas físicas.

A simplificación administrativa é outro dos principios inspiradores da reforma legal, plásmase en numerosos preceptos como a posibilidade de presentar unha declaración responsable onde anteriormente se necesitaba unha solicitude, ou o dereito a non presentar ningún documento que se origine en calquera Administración pública.

Desde o punto de vista da Administración, ante todo debe implantar os mecanismos para facer efectivos aqueles dereitos. A nivel interno, o procedemento debe ser integramente electrónico: o Rexistro é electrónico e único; o expediente, que se impulsará de oficio e por medios electrónicos, é un índice electrónico que se compón de documentos electrónicos, tramitados e asinados electronicamente; o arquivo, filtrado polo Esquema Nacional de Seguridade, tamén será único e suporá o almacenamento por medios electrónicos, seguro e confidencial, de todos os documentos administrativos que se xeren.

A Deputación provincial da Coruña puxo á disposición dos Concellos da provincia un modelo tipo de ordenanza de administración electrónica que será a que o Concello tome como base para regular este ámbito material.

En virtude do que antecede, cómpre someter a consulta pública a elaboración dunha Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Fene, polo que, en base ás competencias que me atribúe o artigo 21 LBRL, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Someter a consulta pública, durante un prazo de vinte días, previa á elaboración dunha Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Fene para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I ao presente acordo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

SEGUNDO.- Publicar a presente consulta no taboleiro de anuncios deste Concello e no seu sitio web para que os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poidan facer chegar as súas opinións respecto diso a través da seguinte caixa de correo: secretaria@fene.gal

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno.

ANEXO I.- Consulta pública

Antecedentes da norma	A aprobación e entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, deseñan un novo escenario normativo tanto en materia de procedemento como de organización e funcionamento das AA PP, sobre a base da implantación da administración electrónica. A posta en marcha das súas previsións puxo de relevo a necesidade, así como a conveniencia de desenvolver as mesmas e proceder á súa adecuación para garantir unha maior seguridade xurídica na súa aplicación.
Problemas que se pretenden solucionar coa norma	Concretar a aplicación e trasladar as normas sobre administración electrónica, de carácter básico e de aplicación ao conxunto das AA PP, ás especialidades organizativas e de funcionamento desta administración municipal.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A Lei 39/2015 e a Lei 40/2015 recollen o marco xeral e básico en materia de administración electrónica que debe cumprir o Concello de Vigo e os organismos a el vinculados, tanto nas súas relacións cos veciños e coas veciñas, como coas demais administracións públicas. A súa natureza normativa conleva un contido xenérico e de carácter básico que require do desenvolvemento concreto a través dunha norma regulamentaria local.
Obxectivos da norma	Coa norma preténdese ofrecer un marco de maior seguridade xurídica nas relacións electrónicas de cidadáns e empresas co Concello de Fene e os organismos a el vinculados, concretando determinadas previsións das Leis, así como unha mellora na eficiencia e eficacia no funcionamento electrónicos nos servizos públicos municipais, mediante a simplificación e redución de cargas administrativas e custes de xestión.
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Non se consideran outras alternativas, xa que o obxecto do regulado efectúase no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida no artigo 4 LBRL.

0-0
090
150
P-
E-
C.I.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

Asinado dixitalmente polo alcalde Juventino José Trigo Rey.